



Elena Pazos Chantrero

Nada en Marín no 1983 e licenciada en Química pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) no 2006, Elena Pazos Chantrero obtivo o doutoramento en Química Orgánica coa supervisión dos profesores José Luis Mascareñas e M. Eugenio Vázquez na mesma universidade cunha tese centrada nos sensores que posúen luminescencia de proteínas implicadas no cancro. Durante a etapa do predoutoramento mantivo estadias de investigación en diversos centros internacionais coma o Trinity College de Dublín (Irlanda) no 2008 ou a University of Illinois at Urbana-Champaign (Estados Unidos) no 2010.

No 2012 obtivo unha bolsa de posgraao da Fundación Barrié (A Coruña) grazas á cal puido facer unha estadia de investigación de dous anos na Northwestern University, nos Estados Unidos. Centrou o seu proxecto de investigación na creación e desenvolvemento de nanoestruturas supramoleculares baseadas en péptidos para a súa aplicación médica.

Pasada esta etapa, entrou na empresa Medcom Advance e, deseguida, no 2015, grazas a unha bolsa Marie Curie, entrou a formar parte do grupo de Ramón A. Álvarez-Puebla no CTQC - Centro Tecnológico de la Química de Cataluña (actualmente integrado no Eurecat). No 2017 foi seleccionada na primeira edición do Programa InTalent, unha convocatoria para a captación de talento promovida pola Universidade da Coruña (UDC) e o grupo Inditex. Esta axuda permitiu a súa volta a Galicia, concretamente ao CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía do campus da universidade coruñesa, onde lidera o seu propio grupo de investigación ([Elena Pazos Lab](#)) como Investigadora Distinguida do Programa Oportunus. O seu grupo utiliza péptidos coma plataformas para o desenvolvemento de novos fármacos, sensores ou materias funcionais.

Na convocatoria de 2019 obtivo un **ERC Starting Grant**, dotado con case 1,5 M€, para levar a cabo o seu proxecto [SENSE](#), un proxecto multidisciplinario sobre nanomateriais orientado a crear nanoestruturas autoensambladas que respondan a estímulos e que, en contacto con células vivas, poidan controlar os comportamentos celulares e utilízalas a xeito de matrices bioactivas e mais de vehículos de administración intelixente para diversos axentes. Na convocatoria de 2025 obtivo un **ERC Proof of Concept**, dotado con 150 k€, para desenvolver o proxecto [PEPTOC](#), centrado na validación, nun modelo in vivo, dunha terapia peptídica dirixida ao tratamento do cancro de ovario.